

**1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO POR PROGRAMA TEMPORAL NA ÁREA ECONÓMICO-FINANCIERA: ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

**INSTRUCCIÓN:**

- MARCAR CUN CÍRCULO A RESPOSTA CORRECTA.
- EN CASO DE ERRO MARCAR CUN "X" A RESPOSTA ERRÓNEA E RODEAR CUN CÍRCULO A CORRECTA.
- CONTESTAR TAMÉN AS PREGUNTAS DE RESERVA.
- PARA ACADAR A PUNTUACIÓN MINIMA DE 5 PUNTOS: 25 RESPOSTAS CORRECTAS.

1.- Para unha reforma do Título III da Constitución esíxese:

- a) Maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras e referendo.
- b) Maioría de 2/3 de cada unha das Cámaras, e referendo se así o solicita unha décima parte dos membros do Congreso.
- c) **Maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras, e referendo se así o solicita unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras.**

2.- O Tribunal Constitucional é competente para coñecer:

- a) **Do recurso de amparo por violación dos dereitos e liberdades referidos no artigo 53.2 da Constitución, nos casos e na forma que a lei establezca.**
- b) Do recurso de amparo por violación dos dereitos e liberdades referidos no artigo 33.2 da Constitución, nos casos e na forma que a lei establezca.
- c) Do recurso de amparo por violación dos dereitos e liberdades referidos no artigo 23.2 da Constitución, nos casos e na forma que a lei establezca.

3.- Se se notificou un acto administrativo o día 2 de xullo de 2017, e o interesado ten un mes para a interposición do recurso de reposición, o prazo de interposición remata:

- a) O mesmo día da notificación no mes de vencemento.
- b) O día 2 de agosto de 2017.
- c) **Ambas son correctas.**

4.- O trámite de audiencia ao interesado:

- a) É preceptivo, en todo caso.
- b) **Só é preceptivo, en todo caso, nos expedientes de responsabilidade patrimonial aos que se refire o artigo 32.9 da Lei 40/2015.**
- c) Se non se concede audiencia o acto é sempre anulable.

5.- Contra os actos firmes en vía administrativa pode interpoñerse:

- a) **Recurso extraordinario de revisión.**
- b) Recurso potestativo de reposición.
- c) Recurso de alzada na administración estatal, e potestativo de reposición na local.

6.- ¿Cando entran en vigor as previsións relativas ao rexistro electrónico segundo a Lei 39/2015?

- a) Actualmente resultan de aplicación dende a entrada en vigor da Lei 39/2015.
- b) No prazo de dous anos dende a Lei 39/2015.

c) No prazo de dous anos dende a entrada en vigor da Lei 39/2015.

7.- Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ¿en cal dos seguintes casos non está prevista a suspensión do procedemento de acordo co artigo 22 de dita Lei?

a) Cando se teña adoptado algunha medida cautelar.

b) Cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por parte dun órgano xurisdiccional.

c) en ningunha das anteriores

8.- O prazo máximo para resolver contarase nos procedementos iniciados de oficio:

a) Desde a notificación da iniciación do procedemento ao interesado.

b) Desde o acordo de iniciación do procedemento.

c) Desde o día seguinte a notificación da iniciación do procedemento ao interesado.

9.- As notificacións que se practiquen en papel no domicilio do interesado, si este non está presente:

a) Poderá facerse cargo da notificación calquera persoa maior de 14 anos, que se atope no domicilio.

b) ) Poderá facerse cargo da notificación calquera persoa maior de 16 anos, que se atope no domicilio.

c) Poderá facerse cargo da notificación calquera persoa maior de 18 anos, que se atope no domicilio.

10.- O prazo de subsanación ou mellora de solicitudes, poderá ser ampliado prudencialmente, ata cinco días:

a) Nos procedementos selectivos.

b) Nos de concurrencia competitiva.

c) No resto de procedementos, a petición do interesado ou por iniciativa do órgano.

11.- Se o órgano competente apreciase que a publicación dun acto administrativo lesiona dereitos ou intereses lexítimos:

a) Publicará no diario oficial que corresponda unha somera indicación do contido do acto.

b) Publicará no diario oficial que corresponda unha somera indicación do contido do acto e do lugar onde os interesados poderán comparecer para unha completa información.

c) Só publicará o lugar onde os interesados poderán comparecer, no prazo que se estableza, para coñecemento do contido íntegro do mencionado acto e constancia de tal coñecemento.

12.- No suposto de que sexa inhábil un día no municipio onde reside o interesado, e hábil na sede do órgano administrativo no que se presenta unha solicitude ou viceversa:

a) É inhábil en todo caso.

b) Siguese a regra xeral: inhábil para a administración e hábil para o interesado.

c) considerase hábil se trata dun recurso administrativo.

13.- As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar:

a) O establecido na lei.

- b) Unha disposición de carácter xeral procedente dun órgano de inferior xerarquía.
- c) Unha disposición de carácter xeral procedente dun órgano de igual ou superior xerarquía.

14.- A eficacia retroactiva dun acto administrativo poderá outorgarse cando:

- a) cando se dicten en substitución de actos anulados.
- b) cando a lei o diga.
- c) nunca poderá outorgarse.

15.- O recurso extraordinario de revisión ven regulado no artigo:

- a) 113 da lei 39/2015 de 1 de outubro.
- b) 115 da lei 39/2015 de 1 de outubro.
- c) 126 da lei 39/2015 de 1 de outubro.

16.- Poderá ter lugar a tramitación urxente dun expediente de contratación en casos de:

- a) Necesidades inaprazables
- b) Razóns de interese público
- c) Ambas son correctas.

17.- Corresponde en todo caso aos municipios

- a) A potestade de programación ou planificación
- b) A potestade legislativa
- c) Ningunha das anteriores é correcta

18.- O procedemento de selección de funcionarios da administración local axustarase a:

- a) Lexislación básica do Estado
- b) Ao que establezan as súas bases exclusivamente.
- c) Ao que diga o Alcalde.

19.- Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde:

- a) De entre os membros da Xunta de Goberno.
- b) De entre calquera dos concelleiros.
- c) De entre os membros da Xunta de Goberno e onde esta non exista de entre os concelleiros.

20.- O número de membros da Xunta de Goberno Local non poderá superar:

- a) O número de 5 membros
- b) O tercio de número legal de membros da corporación.
- c) A metade dos concelleiros do equipo de goberno.

21. Os concellos poderán establecer e esixir taxas por:

- a) A prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público municipal
- b) A prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público municipal, provincial ou autonómico
- c) A prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público municipal e estatal

22. Son impostos de esixencia obrigatoria por todos os concellos os seguintes:

- a) Imposto sobre Bens Inmóveis; Imposto sobre actividades económicas e imposto sobre construcións, instalacións e obras
- b) Imposto sobre Bens Inmóveis; Imposto sobre actividades económicas e Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica
- c) Imposto sobre Bens Inmóveis; Imposto sobre vehículos de tracción mecánica e imposto sobre construcións, instalacións e obras

23. Os concellos poderán establecer e esixir os seguintes impostos

- a) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terrenos de Natureza Urbana
- b) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terrenos de Natureza Urbana e Imposto sobre actividades económicas
- c) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

24. Aos efectos do Imposto sobre bens Inmóveis, terán a consideración de bens Inmóveis rústicos, de bens Inmóveis urbanos e de bens Inmóveis de características especiais os definidos como tales en:

- a) A lei de ordenación da edificación
- b) A lei de ordenación urbanística
- c) As normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

25. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real,

a) cuxo feito imponible estea constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado e estean especificadas nas tarifas do imposto.

b) cuxo feito imponible estea constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, que se exerzan en local determinado e estean ou non especificadas nas tarifas do imposto.

c) cuxo feito imponible estea constituído polo mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado e estean ou non especificadas nas tarifas del imposto.

26. Aos efectos do Imposto sobre vehículos de Tracción mecánica se pode establecer unha bonificación de ata o 100 por cen:

a) para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte anos

b) para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos

c) para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de trinta anos

27. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído por:

a) A realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

b) A realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

c) A realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, aínda que a expedición da licenza ou a actividade de control non corresponda ao concello da imposición.

28. O tipo de gravame do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras será o fixado por cada concello, sen que dito tipo poida exceder:

a) do dez por cen

b) do sete por cen

c) do catro por cen

29. Diga cal das seguintes afirmacións é a correcta:

a) Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orden á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, se exporán no tablón de anuncios da Entidade durante

trinta días naturais, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

b) Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orden á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, se exporán no tablón de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

c) Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orden á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, se exporán no tablón de anuncios da Entidade durante quince días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

30. Respecto das Ordenanzas fiscais, finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. En caso de que non se tiveran presentado reclamacións:

a) se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

b) se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, logo de que se adopte un novo acordo plenario por maioría simple.

c) se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, logo de que se adopte un novo acordo plenario por maioría absoluta.

31. As entidades locais non poderán esixir taxas polos servizos seguintes:

a) **Limpeza da vía pública**

b) Documentos que expidan ou de que entendan as Administracións ou autoridades locais, a instancia de parte

c) Utilización de columnas, carteis e outras instalacións locais análogas para a exhibición de anuncios

32. Respecto das taxas, a cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal, en:

a) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa

b) Unha cantidade fixa sinalada ao efecto

c) **A cantidade resultante de aplicar unha tarifa, unha cantidade fixa sinalada ao efecto, ou a cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos procedementos.**

33. O importe dos prezos públicos deberá cubrir:

a) como máximo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

b) como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, se ben cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior

c) como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, se ben cando existan razóns políticas que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior

34. Constitúen a tesourería das entidades locais:

a) todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, por operacións orzamentarias.

b) todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, por operacións extraorzamentarias.

c) todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extraorzamentarias.

35. Son funcións encomendadas á tesourería das entidades locais:

a) Recadar os dereitos e pagar as obrigas.

b) Recadar os dereitos e ordenar o pago das obrigas.

c) Recadar os dereitos e fiscalizar e pagar as obrigas.

36. As entidades locais:

a) Poderán autorizar a existencia de caixas de efectivo, para os fondos das operacións diarias, as cales estarán suxeitas ás limitacións que se establezan en normas con rango de lei.

b) Non poderán autorizar a existencia de caixas de efectivo.

c) Poderán autorizar a existencia de caixas de efectivo, para os fondos das operacións diarias, as cales estarán suxeitas ás limitacións que regulamentariamente se establezan.

37. Son funcións encomendadas á tesourería das entidades locais:

a) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias.

b) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias y extraorzamentarias.

c) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións extraorzamentarias.

38. A expedición das ordes de pago deberá de acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesourería que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade de:

a) os gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

b) os gastos de persoal e das obrigas derivadas de contratos vixentes.

c) os gastos de persoal e dos investimentos financiados con subvencións públicas

39. As bases de execución do orzamento poderán establecer as normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo aos orzamentos de gastos, determinando os criterios xerais, os límites contitativos e os conceptos orzamentarios aos que sexan aplicables:

a) previo informe da Intervención

b) previo informe da Tesourería

c) previo informe da Secretaría

40. As entidades locais poderán rentabilizar os seus excedentes temporais de tesourería mediante investimentos que reúnan as condicións de:

a) liquidez e seguridade

b) liquidez e rentabilidade

c) rentabilidade e seguridade

41. Os documentos públicos outorgados en Galicia poderán redactarse en galego ou castelán. De non haber acordo entre as partes:

a) se emplearán ambas linguas

b) se empleará o galego

c) se empleará o castelán

42. Para a constitución das asociacións administrativas de contribuíntes a que se refire o artigo 36 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo deberá ser tomado por:

a) A maioría simple dos afectados, sempre que representen, cando menos, un tercio das cotas que deban satisfacerse.

b) A maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, cando menos, os dous tercios das cotas que deban satisfacerse.

c) A maioría simple dos afectados, sempre que representen, cando menos, os dous tercios das cotas que deban satisfacerse.

43. Taxas son os tributos cuxo feito imponible consiste na utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público:

a) que se refiran, afecten uo beneficien de modo particular ao obrigado tributario, cando os servizos ou actividades non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou non se presten ou realicen polo sector privado.

b) que se refiran, afecten uo beneficien de modo colectivo ao obrigado tributario, cando os servizos ou actividades sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou non se presten ou realicen polo sector privado.

c) que se refiran, afecten uo beneficien de modo particular ao obrigado tributario, cando os servizos ou actividades sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os obrigados tributarios ou se presten ou realicen polo sector privado.



44. Procederá a devolución das taxas que se tiveran esixido:

a) Cando non se realice o seu feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo.

b) Non procede en ningún caso

c) Cando non se realice o seu feito impoñible por causas imputables ao suxeito pasivo.

45. Constitúe o feito impoñible das contribucións especiais:

a) A obtención polo suxeito pasivo dun déficit ou minoración de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter local, polas entidades respectivas.

b) A obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras privadas.

c) A obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter local, polas entidades respectivas.

46.- O procedemento para a delegación de atribucións de Alcaldía será

a) Ditado de decreto da alcaldía delegante e publicación no BOP, e dacción de conta ao Pleno.

b) Escrito do Alcalde dirixido ao concelleiro delegado

c) Ningunha das anteriores é correcta.

47.- Son órganos complementarios

a) Os concelleiros

b) Os concelleiros delegados

c) Os tenentes de alcalde

48.- O prazo para interponer o recurso de alzada é de:

a) Tres meses.

b) 1 mes

c) 30 días

49.- A interposición de calquera recurso

a) Non suspende a execución do acto impugnado como regra xeral.

b) Suspende sempre a execución do acto.

c) Nunca se suspende a execución.

50.- As causas de inadmisión dos recursos administrativos.

a) Regúlanse no artigo 116 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

- b) Regúlanse no artigo 119 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.
- c) Regúlanse no artigo 110 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

RESERVA.

51.- As entidades locais territoriales son

- a) **Municipio, provincia e a isla**
- b) O municipio só e territorial
- c) Ningunha das anteriores é correcta

52.- E competencia do pleno entre outras

- a) a aprobación dos regulamentos e as ordenanzas
- b) A aceptación da delegación de competencias doutras administracións
- c) **Ambas son correctas**

53.- Os tipos de contratos son

- a) Contrato de obras, concesión.
- b) Gestión, suministros, servicios.
- c) **Ambas son correctas.**

54.- As comisións informativas poden ser

- a) **Permanentes e especiais**
- b) Sempre son permanentes
- c) Xurídicas

55.- A Comisión especial de contas é

- a) **Sempre preceptiva**
- b) Constitúese a requirimento do Consello de Contas
- c) E facultativa do Pleno.

\*\*\*\*\*